



ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira na sesión ordinaria de data 17/10/2024, resolveu aprobar as Bases que a continuación se transcriben para a “Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume IX”.

Tal e como se indica no artigo 6, as solicitudes de axudas deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ribeira na forma que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común da Administracións Públicas, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no boletín Oficial da Provincia da Coruña.

BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME IX

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. Os incentivos á contratación por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos talleres duais de emprego, financiados a través da Orde do 21 de abril de 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, neste caso será para o alumnado do Obradoiro dual de Emprego Tahume IX (Expediente:15/00028/2023), que rematen o obradoiro co resultado de apto/a e coas condicións establecidas no artigo 15.3 da antedita Orde.

2. A contratación terá unha duración mínima de 3 meses.

3. A xornada da contratación será a tempo completo.

4. A contratación laboral deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego Tahume IX, sendo a data de finalización deste o 23/11/2024.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida nos talleres duais de emprego, é dicir, que a actividade estea relacionada coas especialidades de **“Actividades auxiliares en Viveiros, Xardíns e centros de xardinería”** ou coa especialidade de **“Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes”** e que contraten traballadoras ou traballadores por



FIRMANTE - FECHA





conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos talleres duais de emprego. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente no cumprimento dos obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.



FIRMANTE - FECHA





i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 3. Financiamento

As subvencións obxecto desta convocatoria financiaranse cun crédito total de 30.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 241I - 470.00 do orzamento do Concello de Ribeira

Artigo 4. Número de contratos que se van subvencionar e contía dos incentivos.

1. O número máximo de contratos que se van subvencionar é de 20 contratos.
2. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 5. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou



FIRMANTE - FECHA





sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro

Artigo 6. Prazos e solicitudes.

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ribeira na forma que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común da Administracións Públicas, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no boletín Oficial da Provincia da Coruña. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- a. Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b. Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, (incluída no anexo I).
- c. Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, (incluída no anexo I).

Artigo 7. Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por



FIRMANTE - FECHA





causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias. A documentación que se debe presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención e alta e baixa na seguridade social (si o traballador segue prestando servizos na empresa pasados os tres meses, certificado da empresa nese sentido).
- c) Declaración da empresa beneficiaria do incremento do emprego neto da empresa respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.
- d) Certificados da empresa beneficiaria de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8. Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego (“Actividades auxiliares en Viveiros, Xardíns e centros de xardinería” ou “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes”).
2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos talleres duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no taller, que non fosen contratadas previamente.
3. Como consecuencia da contratación pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a



FIRMANTE - FECHA





subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaición, corresponderalle á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ás persoas titulares da entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 11. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas. O órgano resolutorio é o alcalde do Concello de Ribeira ou persoa ou órgano en quen delegue.

2. O prazo para resolver e notificar é dous meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.



FIRMANTE - FECHA





3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Artigo 14. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a



FIRMANTE - FECHA



devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Disposición adicional primeira.

As axudas a empresas que se poidan conceder ao abeiro da presente convocatoria, sométense ao réxime de *minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea á axudas de *minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013)

Disposición adicional segunda.

Ao remate do Obradoiro de Emprego Tahume IX, a dirección do obradoiro emitirá un informe no que se relacione ao alumnado traballador coa puntuación obtida durante a súa participación no mesmo, para desta maneira seguir este orde de prelación á hora de asignar os traballadores ás empresas. No caso de empate nas puntuacións e sexa necesario desempatar para asignar un traballador a unha empresa realizarase un sorteo público.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:07:59

EXPEDIENTE ::
2024CONV000011

Fecha: 10/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0





ANEXO I

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME IX	SOLICITUDE
--	-------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZON SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
COD POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio valido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

MÉTODO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE:	<input type="checkbox"/>	ELECTRÓNICA	<input type="checkbox"/>	POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO				

ENDEREZO POSTAL		
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO

DATOS BANCARIOS:

TITULAR DA CONTA						
NÚMERO DE CONTA						
IBAN						



FIRMANTE - FECHA





SUBVENCIÓN SOLICITADA:

SOLICÍTASE UNHA AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE ____ PERSOA/S ALUMNA/S DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME IX, A XORNADA COMPLETA, POR UN PERÍODO MÍNIMO DE 3 MESES, DA ESPECIALIDADE DE:

- ____ Actividades auxiliares en Viveiros, Xardíns e centros de xardinería
____ Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 __ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.
 __ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que en relación coas axudas de minimis
 __ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de minimis
 __ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
 4. Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria é de ____
 5. Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria e que cumpre os requisitos sinalados na mesma.
 6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 7. Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

CSV: 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:07:59

EXPEDIENTE ::
2024CONV000011
Fecha: 10/10/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL





8. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento dos obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- ___ DNI/NIE da persoa representante
- ___ NIF da entidade solicitante
- ___ Poder para actuar en nome da entidade
- ___ Certificación bancaria do número de conta

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA); lopd@ribeira.gal
O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lopd@ribeira.gal
Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.
Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@ribeira.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume IX
Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA



FIRMANTE - FECHA





ANEXO II

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME IX	XUSTIFICACIÓN
--	----------------------

SOLICITANTE

RAZON SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
COD POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio valido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 Non ter solicitado ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
 Ter concedido ou solicitado outras axudas para a mesma finalidade:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que en relación coas axudas de minimis
 Non ter solicitado ou concedida ningunha outra axuda de minimis.
 Ter concedido ou solicitado outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



FIRMANTE - FECHA





3. Que o incremento do emprego neto da empresa respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación foi de: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- ___ Copias dos contratos de traballo obxecto da subvención
- ___ Alta e baixa na Seguridade social
- ___ Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e coa Admon. Pública da comunidade Autónoma

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA); lopd@ribeira.gal
O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lopd@ribeira.gal
Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.
Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@ribeira.gal

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA

En Ribeira, á data da sinatura dixital

O alcalde
Luís Antonio Perez Barral



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE ::
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024 <small>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:07:59</small>	2024CONV000011 Fecha: 10/10/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:07:59

EXPEDIENTE ::
2024CONV000011
Fecha: 10/10/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015AE4000P8Z2T0T8N1V0

